



Xurdimento




Boletín Informativo-Cultural Centro Galego de Lleida



CAMIÑA
a Galicia



INSTITUCIÓNS COLABORADORAS



Ajuntament de Lleida



Diputació de Lleida



Xurdimento

Edita:

Centro Galego de Lleida
C/ Joc de la Bola, 20 baixos
25003 Lleida
Tel./fax
973 27 48 27

E-mail:

cengallei@gmail.com

Web do Centro Galego:

www.eglleida.galiciaaberta.com

Blog do Centro Galego:

<http://cengallei.wordpress.com>

Redacción, Coordinación e Corrección:

Rosa González Mahía
Xulio Cougil Vázquez
Xan Rodríguez Gómez-Dacal

Xurdimento non se identifica,
necesariamente coas opinións recollidas nos
artigos publicados polos seus autores.

Autor portada:

José Luis Raposo Toja
Depósito Legal:
L-137-1988



TABULEIRO DE CONTIDOS



Páxinas WEB do Centro

Centro Galego..... 02

Saúda Presidenta en funcións do Centro

Dolores Blanco Roo..... 03

Saluda Alcalde

Miquel Pueyo i París..... 04

Saluda Delegat Govern de la Generalitat

Bernat Solé i Barril..... 05

Saluda President Diputació

Joan Talam Gilabert..... 06

Saluda Subdelegat del Govern

José Crespín Gómez..... 07

Saluda Obispo de Lleida

Salvador Jiménez Valls..... 08

Saúda Secretario Xeral Emigración

Antonio Rodríguez Miranda..... 09

Falamos con Carol Larios Guerra

Centro Galego..... 10

Cadros de Honra

Centro Galego..... 12

Stella Maris

Carlos Xabier Ares Pérez..... 13

Cincuenta anos da I Mostra do libro Galego en Cataluña

Antonio Diaz Fernández..... 16

Justo reconocimiento

José Luis Raposo Toja..... 18

O meu amigo

Daniel González Álvarez..... 21

Un dia no campo

Juan Rodríguez Gómez-Dacal..... 23

Basilio Losada, servidor de Galicia

Manoel Carrete Rivera..... 25

Mural de pintura no C. Penitenciario Bonxe

Javier Rodríguez González..... 28

O espello

Fina Tizón Fraga..... 30

Jesus de Nazaret y los animales

Daniel Turmo Gargallo..... 31

Seu Bella

M. Eugenia Fernández Puente..... 33

Rebre i Donar

M. Carmen Mor Godes..... 34

Illes gallegues

Francesc Pane i Sanz..... 35

Els secrets de l'ànima d'un poble

Marisa Torres Badia..... 36

Ocho mil millones y un solo planeta

Jordi Martínez Bretón..... 38

La gallega Sor Carmen Riadigos

Jordi Curcó i Pueyo..... 41

La Torrassa del Moro

Luis Trigo Prunera..... 43

Agradecimiento a la medicina

M. Carmen Guillamet..... 47

Los chefs Michelin que mas brillan en Paris

Enric Rivera Gabandé..... 49

Reflexións persoais sobre as enfermidades mentais

Julio Couxil..... 51

Incendio en casa ¿Qué hacer?

Lucia Carnero Gonzalez..... 53

Mes de 1500 persones , gràcies als lleidatans i lleidatanes

Cosme García i Mir..... 55

Vocalía de la mujer

Marta Roigé Mostany..... 58

Memoria dos actos do Centro

Centro Galego..... 60

Xornais

Xornais..... 68

Debuxos nenos

Centro Galego..... 73

Xunta Directiva

Centro Galego..... 75



Panxoliñas no Escorxador / Villancicos en el Escorxador

16 diciembre 2021

Principio del formulario

As 19,30 horas do xoves día 16 de decembro de 2021 igual que en anos precedentes, o noso Centro colaborou na Maratón de TV3, participando na XX edición do festival de "Nadales" que se celebrou no Teatro Municipal de l' Escorxador de Lleida. O acto foi organizado pola Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida ante numeroso público e autoridades locais. Actuaron as Entidades por esta orde: Centro Galego, Casa de Cantabria, Casa de Aragón, Casa de Castela e León, Casa de Extremadura e Casa de Andalucía. O noso Centro foi representado por a "Coral l' Estel", baixo a dirección de Gemma M. Naranjo Yuste, interpretaron as seguintes cancións: "Adeste Fideles", "Gloria a Deus", "Santa Nit/Noite de Deus" e un "Pupurrí de Panxoliñas", sendo todas elas moi aplaudidas.

Nuevo foro de la red social Cengallei

» Se ha producido un error; es probable que la fuente esté fuera de servicio. Vuelve a intentarlo más tarde.

Temas


- » Actividades
- » Conferencias
- » Confradía
- » Coral Cengallei
- » Festexos
- » Revista Xurdimento
- » Vocabia da muller

Destacados

- » Cengallei en Facebook
- » CenGalLei en GaliciaAberta
- » Música da Coral CenGalLei
- » Nova rede social CenGalLei
- » Rede Social Cengallei
- » REVISTAS XURDIMENTO (PDFs)

2

Xurdimento

Centro Galego de Lleida 

Instrucións para a actualización de contidos de este sitio: [Bienvenidos](#) [Historia](#) [Finalidad](#) [Directiva](#) [Ubicación](#) [Música de "Cengallei"](#)

Actividades: [Premios](#) [Revista Xurdimento](#) [Coral Cengallei](#)

Inicio » [Bienvenidos](#)

Bienvenidos

Nos complace darlle a bienvenida al sitio web del **Centro Gallego de Lleida**. Desde el año 1977 nuestra institución mantiene el firme y decidido compromiso de divulgar el origen e identidade gallegas, desenvolvendo actividades de divulgación de la idiosincrasia, cultura y costumbres gallegas entre nuestros socios, descendentes y público en general.

Nuestro portal nace en el marco del proyecto GaliciaAberta, comunidade virtual de la emigración de la que formamos parte.

En este espacio podrá encontrar información sobre nuestra historia, nuestras actividades, nuestra ubicación o cualquier otro tipo de información.

En 2008 inauguramos un nuevo blog donde los socios pueden participar y estar informados de las actividades del centro:
<http://cengallei.wordpress.com>

Si desee enviarnos cualquier consulta, duda o sugerencia podrá realizarlo a través de la dirección cengallei@gmail.com / cglleida@galiciaaberta.com.

Por último, le invitamos a participar en GaliciaAberta, a través de las herramientas de comunidade disponibles, como foros, encuestas, agenda, etc.



Prezados socios, familiares, simpatizantes e amigos deste Centro Galego: semella que foi onte, pero xa pasou un ano, dende que o noso benquerido Presidente Pepe Terceiro nos deixou. A súa presenza parece que aínda está entre nosoutros, a vida continúa e durante este ano 2022 intentamos, coa axuda dos membros desta Xunta Directiva, seguir coa mesma traxectoria que el mesmo plantexou.

Ben é certo que todo se xuntou pois, coa súa ausencia, e estando inmersos no tema da pandemia do Covid-19, intentamos continuar preparando e facendo as actividades que realiza esta nosa benquerida Entidade, desenvolvéndoas o mellor que sabemos, polo ben da cultura galega e para arriquecer a nosa Entidade e, na medida das nosas posibilidades, para ben desta nosa benquerida cidade de Lleida.

Así pois, neste ano 2022 realizamos multitude de actos, que teñen contribuído a que sigamos sendo actores principais no entramado de actividades sociais na cidade de Lleida. Compre facer mención especial o labor que segue desempeñando a Vocalía da Muller, cos seus traballos de "Patchwork", dirixidos pola profesora Dona María Alba Gil Bardanca, tódolos martes e xoves de 17 a 20 horas.

Tamén temos que darlle as grazas e felicitar aos antigos membros do Coral Cengallei, que cantaron a Misa na Igrexa de Sant Jaume, con motivo da celebración do "Día de Fieles Difuntos". Foi unha satisfacción e deleite para tódolos asistentes.

Salientamos a celebración das Xornadas Culturais que, como cada ano, organiza a Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida. O noso Centro contribuíu cunha Conferencia impartida por dona Blanca García Señorans, Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, baixo o título: "Os Galegos no Exterior". O noso local social encheuse por completo de numeroso público e autoridades que nos acompañaron e assistiron ao acto.

Quero aproveitar esta ocasión para dedicarlle unhas palabras moi sentidas de aprezo, cariño e condolenzas para tódolos socios que tiveron a ausencia de familiares neste ano que nos deixa. Que saiban que nos teñen ao seu dispor para o que precisen, dentro das nosas posibilidades.

Envíovos un saúdo moi cordial e afectuoso, desexando que este ano 2023, que arrincamos con moito ánimo, sexa venturoso e cheo de benestar para todos vosoutros, agradecéndoos a



confianza que depositades nesta Xunta Directiva, que fica ao voso dispor.

Dolores Blanco Roo

Presidenta do Centro Galego de Lleida



Lleida mantén un vínculo especial coas súas casas rexionais como parte relevante do tecido asociativo da cidade. As entidades son un recurso moi valioso que se ten que preservar e, as rexionais en particular, sodes un grande activo para favorecer a convivencia, a pluralidade e o intercambio cultural. O Centro Galego é un exemplo claro do espírito común que vos anima a compartir e interactuar en beneficio da colectividade e enriquecemento sociocultural.



Lleida manté una vinculació especial amb les seves cases regionals com a part rellevant del teixit associatiu de la ciutat. Les entitats sou un recurs molt valuós que s'ha de preservar i les regionals, en particular, sou un gran actiu per afavorir la convivència, la pluralitat i l'intercanvi cultural. El Centro Galego és un exemple clar de l'esperit comú que us empenya a compartir i interactuar en benefici del col·lectiu i l'enriquiment sociocultural.

Estamos afrontando un período complicado que deriva dunha grave crise sanitaria, económica e social. O papel das cidades é cabeceiro nesta superación, porque, como dixen en moitas ocasións, o século XXI é o das cidades, onde son importantes os recursos materiais, pero é máis aínda o capital humano e a calidez do que temos ao noso carón. Neste camiño, as entidades abandeirades unha forza e unha misión esencial que melloran o entorno cercano e xeneran confianza e estabilidade.

Estem afrontant un període complicat que deriva d'una greu crisi sanitària, econòmica i social. El paper de les ciutats és cabdal en aquesta superació, perquè, com he dit en moltes ocasións, el segle XXI és el de les ciutats, on són importants els recursos materials, però ho és encara més el capital humà i la calidesa de qui tenim al nostre costat. En aquest camí, les entitats abandonem una força i una missió essencials que milloren l'entorn proper i generen confiança i estabilitat.

4

Xurdimento

O Centro Galego ofrece aos seus socios e socias un espazo e un conxunto de actividades para colaborar, aprender e socializar. Son actividades das que tamén facedes partícipes ao conxunto da cidadanía. Coa coral, a Vogalía da dona ou as festividades tradicionais galegas dades exemplo da variedade de propostas e do dinamismo que vos caracteriza. Os actos que promoveades forman parte do engranaxe para abastecer a unha sociedade diversa e integradora, que respecta e nos alimenta de elementos culturais, a lingua e as tradicións da terra de orixe e da terra de adopción. Un dos proxectos máis consolidados é a revista Xurdimento. Cada número contén moito esforzo e ilusión, e as súas páxinas expresan, dun xeito ou doutro, o sentimento compartido pola orixe galega e as raíces lleidatanas que agora establecéstedes. Unha riqueza cultural que contén vínculos de solidariedade e de entendemento entre comunidades.

El Centre Galego ofereix als seus socis i sòcies un espai i un seguit d'activitats per col·laborar, aprendre i socialitzar. Són activitats de les quals també en feu partícip el conjunt de la ciutadania. Amb el cant Coral, la Vocalía de la dona o les festivitats tradicionals gallegues doneu exemple de la varietat de propostes i del dinamisme que us caracteritza. Els actes que promoueu forment part de l'engranatge per bastir una societat diversa i integradora, que respecti i es nodreixi dels trets culturals, la llengua i les tradicions de la terra d'origen i de la terra d'adopció. Un dels projectes més consolidats és la revista Xurdimento. Cada número conté molt esforç i il·lusió, i les seves pàgines expressen, d'una manera o una altra, el sentiment compartit per l'origen gallec i les arrels lleidatanes que ara heu establert. Una riquesa cultural que conté vincles de solidaritat i d'entesa entre comunitats.

Quero transmitirvos o meu recoñecemento aos que formades parte da entidade, pola implicación e a vosa participación no mantemento este entorno construtivo, solidario e tolerante, que nos fortalece e que fai medrar e avanzar á cidade

Us vull trametre el més reconeixement als qui formeu part de l'entitat, per la implicació i la vostra participació en el mantemento d'aquest entorn constructiu, solidari i tolerante, que ens enforteix i que fa créixer i avançar la ciutat.

Miquel Pueyo i París

Paer en cap



SALUTACIÓ DEL DELEGAT DEL GOVERN DE LA GENERALITAT



Este espazo que me cededes a través da vosa publicación Xurdimento dáme a oportunidade de dirixirme por primeira vez a todos vós, lleidanos do Centro Galego, xa que, a principios de decembro, asumín a responsabilidade de delegado do Goberno da Xunta de Galicia. “Generalitat” en Lleida, en substitución do compañeiro Bernat Solé, inhabilitado de forma totalmente inxusta e arbitraria por ter permitido o referendo do 1-O en Agramunt cando era alcalde.

A miña anterior etapa na política municipal no Concello de Lleida permitíume coñecer o traballo que desenvolven as casas rexionais da cidade, entre as que, nun lugar destacado, o Centro Galego. Actividade e difusión das raíces culturais de orixe e acollida, porque a combinación de ambas constitúe un verdadeiro patrimonio que enriquece o conxunto e que debe manterse vivo; dinamización do marco asociativo, imprescindible para unha sociedade ben estruturada; e exercicio de intercambio, participación cívica, harmonía e convivencia en todos os ámbitos e na pluralidade, son actitudes e valores que sempre practicaches e dos que nunca te afastaches e, ao mesmo tempo, encaixan á perfección coa historia aberta. das terras de Lleida, marcada como foi, pola súa situación xeográfica, pola enriquecedora confluencia de persoas e culturas moi diversas e pola convivencia respectuosa entre os que xa estaban e os que chegaron. E hoxe Lleida, como Cataluña, é diversa, plural e integradora por esta mestura de raíces, acentos e achegas de diversos territorios. Todo iso fixo progresar o país e nel participaron os galegos que alí traballan e viven, o que non só é de agradecer senón de recoñecer como unha contribución indispensable para o bo desenvolvemento da comunidade catalá e de Lleida.

Sabedes moi ben que ser e sentirte catalán non significa ter que esquecer ou negar as túas orixes, ao contrario, non hai que deixar que se perda este punto de orixe porque é moi rico e, sobre todo, porque é o teu. Como tamén sabedes, por outra banda, que Lleida e Cataluña precisan de persoas e asociacións coma a vosa que contribúan a que todos comprendan a realidade das nosas ansias e do noso país, que tamén son os vosos. Isto é do que se trata, integrar experiencias e sensibilidades, sen excluír ningunha delas. Así que acepte o meu recoñecemento polo traballo ben feito.



Aquest espai que em brindeu a través de la vostra publicació Xurdimento em dóna l'oportunitat d'adreçar-me per primer cop a tots vosaltres, lleidatans i lleidatanes del Centro Galego, des que, a primers de desembre, vaig assumir la responsabilitat de delegada del Govern de la Generalitat a Lleida, substituint el company Bernat Solé, inhabilitat de manera totalment injusta i arbitrària per haver permès el referèndum de l'1-O a Agramunt quan

n'era alcalde.

El meu anterior pas per la política municipal a l'Ajuntament de Lleida m'ha permès conèixer de ben a prop la tasca que porteu a terme les cases regionals a la ciutat, entre les quals, en un lloc destacat, està el Centro Galego. Activitat i difusió de les arrels culturals d'origen i d'acollida, perquè la combinació d'ambdues constitueix un veritable patrimoni que enriqueix el conjunt i que s'ha de mantenir viu; dinamització de l'entramat associatiu, imprescindible per a una societat ben vertebrada; i exercici de l'intercanvi, la participació cívica, l'avinença i la convivència en tots els àmbits i en pluralitat, són actituds i valors que sempre heu practicat i dels quals no us n'heu apartat mai i, ahora, que encaixen plenament amb la història oberta de les terres de Lleida, marcada com ha estat, degut a la seva ubicació geogràfica, per la confluència enriquidora de persones i cultures ben diverses i per la convivència respectuosa entre els que ja hi eren i els que hi han vingut. I avui Lleida, com Catalunya, és diversa, plural i integradora per causa d'aquesta barreja d'arrels, accents i aportacions de diversos territoris. Tot plegat ha fet progressar el país i els gallecs i gallegues que hi treballeu i que hi viviu hi heu pres part, la qual cosa no escau només de ser agraïda, sinó de ser reconeguda com una aportació indispensable per al bon desenvolupament de la comunitat catalana i lleidatana.

Sabeu molt bé que ser i sentir-se català no suposa haver d'oblidar o renegar dels orígens, ans al contrari, cal no deixar perdre aquest referent d'origen perquè és molt ric i, sobretot, perquè és el vostre. Com també sabeu, per altra banda, que Lleida i Catalunya necessiten de gent i associacions com la vostra que contribueixin a fer entendre a tothom la realitat dels nostres anhels i del nostre país, que són també els vostres. D'això es tracta, d'integrar vivències i sensibilitats, no pas d'excloure'n cap. Rebeu, doncs, el meu reconeixement per la bona feina feta.

Montse Bergés Saura

Delegada territorial del Govern a Lleida



Comprácame participar no boletín informativo Xurdimento, do Centro Galego de Lleida. Unha publicación que recolle diversas voces, informa dos actos e actividades do Centro durante todo o ano e eso evidencia a súa vitalidade. Esta no é a primeira vez que me dirixo á comunidade galega establecida en Lleida e fágoo, coma no meu primeiro día, dende a profunda convicción de que a Semana Cultural é unha ferramenta imprescindible de intercambio cultural e fondamente convivencial.

Xurdimento amósanos a vitalidade dunha Entidade viva e aberta que cos anos fíxose un lugar propio no entramado sociocultural da capital e, ao mesmo tempo, adéntranos na lectura de traballos periodísticos de escritores galegos e catalás, sobre a temática histórica, cultural e social, coa vontade de dar a coñecer puntos de vista tan interesantes como diversos.

Por todo elo, quixese transmitir o meu agradecemento persoal e Institucional ao Centro Galego de Lleida e a todos os seus integrantes, persoas entusiastas e comprometidas cuns valores, unhas tradicións, unha cultura e a súa estima ao propio país.



Em plau de participar en el butlletí informatiu Xurdimento, del Centro Galego de Lleida. Una publicació que aplega veus diverses, informa dels actes i activitats del centre al cap de l'any i n'evidencia la vitalitat. Aquest no és pas el primer cop que m'adreço a la comunitat gallega establerta a Lleida i ho faig, com en el meu primer dia, des de la profunda convicció que la setmana cultural és una eina imprescindible d'intercanvi cultural i d'aprofundiment convivencial.

Xurdimento ens mostra la vitalitat d'una entitat viva i oberta que amb els anys s'ha fet un lloc propi en l'entramat sociocultural de la capital i, al mateix temps, ens endinsa en la lectura de treballs periodístics d'escriptors gallecs i catalans, sobre temàtica històrica, cultural i social, amb la voluntat de donar a conèixer punts de vista tan interessants com diversos.

Per tot això, quixese transmitir o meu agradecemento persoal e Institucional ao Centro Galego de Lleida e a todos os seus integrantes, persoas entusiastas e comprometida scuns valores, unhas tradicións, unha cultura e a súa estima ao propio país.



SALUTACIÓ DEL SUBDELEGAT DEL GOVERN

A conexión entre galegos e lleidatáns.



Comparto estas liñas con toda a comunidade galega en Lleida agradecendo a oportunidade de formar parte deste novo número de Xurdimento que visualiza un ano de actividades e tamén de esforzo e constancia por tela entre as mans.

Dende a vosa entidade seguides apostando por facer entre galegos e lleidatáns convencidos de que fai falla seguir alimentando esta sociedade plural e diversa, pero sobre todo integradora, que define esta cidade. Os nosos vínculos sociais e

culturais con Galicia son moitos, ligamentos que medran e refórzanse coas aportacións, a participación e intercambio das persoas e colectivos.

Un ano máis as páxinas de Xurdimento son a testemuña deste activismo comunitario que suma o seu grauíño de area na riqueza do asociacionismo de Lleida onde as Casas Rexionais teñen un papel destacado como expoñentes da difusión cultural e o reforzamento dos lazos cívicos entre diferentes pobos.

Unha cidade é a súa xente e as diversas relacións que se establecen coa idea dunha convivencia pacífica e enriquecedora. O Centro Galego de Lleida é, e así o fixo ao longo de toda a súa traxectoria presencial nesta cidade, parte activa nesta grande tarefa que é crear nexos para compartir e fortalecer a nosa riqueza social.

Quero agradecer á nova Presidenta Dolores Blanco, a tódolos membros da Xunta Directiva e aos colaboradores, o esforzo que supón a edición desta revista e no día a día do Centro Galego por manter viva Galicia en Lleida, e facelo co convencemento de que é unha contribución para facer un bocadiño máis grande a nosa cidade.



Comparteixo aquestes ratlles amb tota la comunitat galega a Lleida agraint l'oportunitat de formar part d'aquest nou número de Xurdimento que visualitza un any d'activitats i també d'esforç i constància per tenir-la entre mans.

Des de la vostra entitat seguiu apostant per fer d'enllaç entre gallecs i lleidatáns convençuts que cal seguir alimentant aquesta societat plural i diversa, però sobre tot integradora, que defineix aquesta ciutat. Els nostres vincles socials i culturals amb Galicia són molts,

l·ligams que creixen i s'enforceixen amb les aportacions, la participació i l'intercanvi de les persones i els col·lectius.

Un any més les pàgines de Xurdimento són testimoni d'aquest activisme comunitari que suma el seu granet de sorra en la riqueza de l'associacionisme de Lleida on les Cases Regionals hi tenen un paper destacat com a exponents de la difusió cultural i el reforçament dels llaços cívics entre diferents pobles.

Una ciutat és la seva gent i les diverses relacións que s'hi estableixen amb la idea d'una convivència pacífica i enriqueidora. El Centro Galego de Lleida és, i ho ha estat al llarg de tota la seva trajectòria de presència en aquesta ciutat, part activa en aquesta gran tasca que és crear nexos per compartir i enfortir la nostra riqueza social.

Vull agrair a la nova presidenta Dolores Blanc, a tots els membres de la Junta Directiva i als col·laboradors l'esforç que hi ha darrera aquesta revista i en el dia a dia del Centro Galego per mantenir viva Galicia a Lleida i fer-ho amb el convenciment que és una contribució per fer una mica més gran la nostra ciutat.

José Crespín

Subdelegat del Govern a Lleida




Con seguridad la revista XURDIMENTO que el Centro Galego de Lleida publica cada año sirve para informar a sus socios de los distintos acontecimientos relacionados con Galicia, sirve también para cohesionar al conjunto de familias gallegas que viven en este entorno catalán y sirve, por supuesto, para recordar su tierra, sus gentes que allí viven y, sobre todo, sus tradiciones que se encarnan de manera singular en el Apóstol Santiago. Este inicia su misión evangelizadora siguiendo el mandato de Jesucristo desde las tierras de Palestina hasta Compostela donde, según la tradición, se guardan los restos suyos y allí acuden muchos devotos para venerarlos y para solicitar su intercesión en su particular camino de la vida.

Es más universal el otro camino. El Camino de Santiago es una hermosa y profunda experiencia que hacen miles de peregrinos cada año para meditar, para dejarse acompañar y acompañar a otros, para unir sentimientos y corazones y, por supuesto, para rezar. La oración que siempre acerca nuestra vida a la del Señor y a quien pedimos fortaleza ante las adversidades agradeciendo al mismo tiempo la prosperidad personal y familiar que nos regala.

Hablar de Galicia es hablar del Camino. Más en la celebración prolongada del Año Santo. Hablar de los gallegos es hablar de unas personas provistas de un especial afecto y de una gran sensibilidad religiosa, que respetan y guardan sus tradiciones gozando que los demás también las disfrutemos. Me ha pasado a mí hace unas semanas en unas jornadas de medios de comunicación social con obispos portugueses en Santiago y Vigo. Hemos estudiado los impactos de nuestra fe y nuestra religiosidad en los medios y sus repercusiones en los distintos grupos sociales. Hemos participado, como peregrinos, en los momentos finales del Camino y nos hemos sentido muy bien acogidos por las gentes de Galicia. Desde aquí mi agradecimiento a todos.

Este agradecimiento se extiende, y se hace más concreto, a la comunidad gallega que vive en estas tierras; tiene un doble motivo, por una parte reconocer todo lo que organiza el Centro Galego en favor de la cultura y que beneficia a toda la sociedad y, por otra, apreciar toda la colaboración que presta a las comunidades cristianas de nuestra diócesis. Me consta el entusiasmo que mostráis en todas las referencias a la vida cristiana y el cariño de vuestra presencia en cualquier acto de culto y actividad solidaria que parroquias y movimientos apostólicos realizan.

Además de agradecer quiero felicitar por el



exquisito cuidado de esta revista y por la dedicación del Centro a lo largo de todo el año. Aprovecho esta página para informar o recordar a todos el núcleo central de nuestra actividad diocesana que está marcada por tres grandes objetivos: la evangelización a todos los sectores de la sociedad, la formación inicial y permanente de todo cristiano para dar auténtica respuesta de su fe y, el tercero, el compromiso personal y comunitario en la pastoral socio-caritativa. Solicito vuestra participación para todo ello.

Cercanos ya a la celebración de la Navidad deseo trasladar mi felicitación a todas las familias. Que el Señor os conceda una dichosa vivencia de su Nacimiento y que sepáis compartir con todas las personas de buena voluntad la plenitud vital que su venida nos trae.

Salvador Giménez.
Obispo de Lleida.



Son tempos difíciles os que vivimos na actualidade, cheos de incertezas.

Pero é precisamente en momentos coma estes nos que contar cunha referencia clara, cun lugar que se converta nun refuxio, é máis importante que nunca.

Somos conscientes de que as nosas entidades galegas son eses centros de referencia onde un se sente sempre en casa, rodeado dos seus. Porque os galegos somos familia e sabemos acoller a quen o necesita, apoialo e axudalo. E niso xogan un papel fundamental asociacións como o Centro Galego de Lleida, onde se traballa por Galicia coma se un estivese sentado na praza de María Pita na Coruña, pasease polo centro histórico de Allariz, ou camiñase entre as antigas pedras que conforman a muralla de Lugo.

Sentirse así nun lugar non é tarefa sinxela. É froito do traballo de mulleres e homes que, ao longo dos anos, apostaron por converter a estas entidades nun anaco de terra galega, onde ninguén é forasteiro e onde se constrúe identidade. Por iso debemos darvos as grazas, por traballar por Galicia, pola nosa cultura, pola nosa lingua e polo noso futuro.

E, en especial, por facelo mesmo nos momentos máis difíciles, neses anos escuros que acabamos de vivir, cando quedarse na casa foi obrigatorio e mesmo así, abríronse as portas das entidades a través das novas tecnoloxías para que ninguén se sentira só ou perdido.

Agora é tempo de recuperar todo o non vivido; de volver a bailar ao son dunha gaita e dunha pandeireta; de organizar magostos, romarías, festas e cocidos. De volver a sentirse unidos, pero esta vez, de verdade, sen pantallas polo medio.

Desde a Xunta de Galicia queremos tamén agradecervos todo o labor desenvolvido nos últimos meses para que, desde Cataluña, e desde moitos outros recunchos, incentivase o interese polo Xacobeo e o Camiño de Santiago. Fostes os verdadeiros artífices do enorme éxito que tivo este particular Ano Santo bienal. E recoñecelo e agradecérvolo é tamén labor da Administración, que sabe que, sen vós, non seríamos capaces de motivar a tantos e tantos peregrinos para camiñar cara a Santiago de Compostela e cara ao apóstolo.



Son moitos os retos que nos quedan no futuro por afrontar e moitas as inquietudes que se nos expoñen, pero aínda así, xuntos, sairemos adiante, sempre coa mirada posta na nosa terra, lugar de xúbilo e nostalgia, de futuro e esperanza.

De novo, grazas polo importante traballo que desenvolvedes día a día e polo apoio que dades a todos os galegos que, desde Lleida, seguen soñando e pensando en Galicia. Nós, pola nosa banda, continuaremos apoiándovos e traballando por todos aqueles que, en calquera recuncho do mundo, levan á nosa terra no corazón.

Antonio Rodríguez Miranda
Director Xeral Emigración

FALAMOS CON: CAROLINA LARIOS GUERRA

Nacín en Lleida, teño familia en Galicia e en Lleida. Estudei enfermería e actualmente traballo como enfermeira fora de Lleida, aínda que veño aquí moi frecuentemente.



CG. ¿Cómo valora a súa relación e coñecemento da cultura galega, grazas ao Centro Galego de Lleida?



Comecei no Centro Galego con cinco anos, case á vez con gaita e baile. Estas actividades e o contacto con outros membros do Centro cos que aínda hoxe manteño amizade, danche un gran coñecemento de Galicia e da súa cultura. Tamén acudín a uns cursos de perfeccionamento en Galicia xunto con Noelia, onde coñecemos a galegos ou descendentes de galegos de todo o mundo.

10

Xurdiamento



Ademais ao ter familia en Galicia, de nena pasaba moitas tempadas longas alí e aínda hoxe me gusta ir en cuanto teño ocasión.

Gustárame lembrar ao meu profesor de gaita Antonio, o meu primeiro profesor no Centro Galego, a quen recordo con grande afecto. Tamén me gustaría recordar a Daniel, o profesor de baile e que foi unha das mellores persoas e máis cariñosas que coñecín.



CG. ¿Cómo foi a túa traxectoria e aportación?

Participei nos grupos de gaita e danza dende os 5 anos ate a súa disolución. Gustábanme ámbalas dúas cousas, pero o que máis me atraía era tocar a gaita, aínda que coído que se me daba mellor o baile, segundo me dixeron.

Ensaíabamos os sábados e acudíamos ás actuacións. Estas intervencións acostumaban ser nas festas dos pobos e cidades en Cataluña, o Centro Galego del lugar organizaba a actuación e convidaba a outros Centros Galegos; así visitamos moitas poboacións en Cataluña e creamos vínculos cos outros Centros. Tamén se facían actuacións de carácter máis social, por exemplo nalgunhas en residencias de maiores.

CG. ¿Qué actividades do Centro destaca e en qué grao axudan no asociacionismo da cidade? Ademais ¿qué lle augura, neste senso, como Asociación ou Institución, en Lleida?



Tradicionalmente o Centro Galego era moi activo e servía de “pegamento” aos descendentes de Galicia en Lleida, e ademais daba a coñecer a cultura galega con totaldas actuacións que organizaba.

Todo esto conleva un gran esforzo, traballo e dedicación. Persoalmente creo que dende que se disolveron os grupos de danza e gaita, o Centro está moito menos aberto ao exterior e da menos a coñecer a cultura galega; ademais estas actividades eran as máis apreciadas polo público tanto galego como non. O traballo do Coral Cengallei, seméllame moi positivo pero voto de menos esas outras actividades.



CG. ¿Qué considera que aínda lle falta por facer ao Centro Galego para participar máis no entramado social da cidade?

Coido que, como dixen, ao Centro Galego fáltanlle agora as actividades de danza e gaita. Estas actividades sempre foron moi prezadas polo público e permitían ademais crear moita relación cos outros Centros Galegos doutras localidades. Sinceramente creo que estas actividades eran o máis apreciado e ademais serven para atraer xente xoven algo que é moi preciso para asegurar a continuidade do Centro.

A min paréceme que o Centro debería facer un grande esforzo neste sentido xa que quizáis a súa propia continuidade dependa de elo.



CG. Algunha anécdota ou suceso interesante, que considere que afirma a adaptación dos galegos en Lleida:

¡Os galegos adaptámonos a cualquier sitio! Persoalmente sempre me sentín lleidatana e galega e non vexo que sexan excluídos de ningunha maneira. Coido que os galegos caemos



simpáticos en toda España.

CG. Aportación persoal nesta entrevista:

É importante manter as túas raíces e a túa cultura. O Centro Galego axudoume moito neste sentido. Lembro con moito cariño as actividades que se realizaban. Tamén me lembro do “polbo á feira no recinto de “Els Camps Elisis” e de que alguén me comentou que era o mellor polbo que tiña comido na súa vida e o espléndido trato das persoas que se atopaban detrás da barra, dando a coñecer a propia Galicia en LLEIDA.

C.G.



CADRO DE HONRA



Queremos escribir estas líneas en memoria de nuestro marido, padre, abuelo, que nos ha dejado este año.

Antonio Sanmartín Sanmartín nació el 8 de enero de 1935, en Somoza - A Estrada (Pontevedra). El 16 de diciembre de 1962, contrajo matrimonio con su novia de toda la vida, Manuela Azucena Terceiro Folgar, el amor de su vida. En el año 1963, nació su primera hija, Dolors.



12

Художество

En el año 1964 emigró a Lleida, con su mujer, que siempre ha estado a su lado, recorriendo juntos el camino de la vida, para prosperar profesionalmente y poder darle una vida mejor a su familia. Siempre trabajando de conductor, un trabajo que le encantaba.

En el año 1967 nació su segunda hija, Esther.



El 24 de julio de 1978, se hizo socio del Centro Galego de Lleida, donde fue un miembro muy

activo, participando y colaborando, siempre de manera desinteresada, en todas las actividades de cualquier índole, tanto culturales como gastronómicas, etc. Siempre estaba dispuesto a ayudar, siendo el conductor de la carroza de las fiestas de Sant Anastasi durante varios años.

También fue miembro de la Coral Cengallei y durante varios años, tesorero y vocal de la Junta Directiva del Centro. Siempre estaba dispuesto a llevar el nombre de Galicia a todas partes, porque se sentía muy orgulloso de ser gallego.

En las décadas de los 80 y 90, se convirtió en abuelo de una nieta y dos nietos, a los cuales quería muchísimo.



Le gustaba estar al día, de todas las noticias del mundo, tanto económicas como políticas. También estaba al día, de todas las nuevas tecnologías, como el móvil el cual utilizaba mucho. Era un gran aficionado al Fútbol.

Su familia, siempre le recordará como una persona íntegra, trabajadora, honesta, familiar e inteligente, que dedicó toda su vida a la familia.

Buen marido, padre y abuelo, que siempre estará en nuestros corazones y nunca le olvidaremos.

Familia Sanmartín-Terceiro



STELLA MARIS: EMOCIÓN, DEVOCIÓN E RITUALIDADE NO MAR DO GROVE



Adicado a todas as Carmes que a vida puxo no meu camiño, en especial á miña cuñada, a quen hai xa un tempo que a súa Virxe decidiu acoller, con agarimo, baixo o seu manto.

“*Salve, estrela dos mares, dos mares iris, de eterna ventura...*”, así comeza a letrada *Salve Mariñeira*, peza que forma parte da zarzuela *El molinero de Subiza*, composta por Cristóbal Oudrid con letra de Luis de Eguilaz (estreada en Madrid o 21 de decembro de 1870), aparecendo na escea XIV do I Acto no transcurso dunha procesión. Pouco tempo despois desta primeira



Procesión Marítima.

aparición en público foi representada tamén en Ferrol, cidade de forte tradición e relación tanto co mar como coa armada, e alí estaban presentes alumnos da fragata Asturias, quen decidiron quedar coa *salve* para cantala na misa dominical que celebraban a bordo. Mantívose a música e foi mudando a letra, ata quedar a actual que foi declarada como regramentaria o 16 de novembro de 1942. Con ela honrarían á Santísima Virxe do Carme, que dende o 19 de abril de 1901 xa era oficialmente a patroa da Armada Española segundo unha Real Orde refrendada polo ministro da Mariña Cristóbal Colón de la Cerda e pola raíña rexente M^a Cristina de Habsburgo, en nome do seu fillo Alfonso XIII. Por extensión foi vinculada pola igrexa a todas as actividades do mar, sendo dende aquel entón vista polos pescadores e mariñeiros como a súa maior protectora, rendéndolle homenaxe cada 16 de xullo mediante rituais cos que renovan a súa protección e encomendándose a ela todos e cada

un dos días do ano. Stella Maris, ou Estrela do Mares na tradución do latín ao galego, é un dos moitos títulos que lle foron concedidos á Virxe María, neste caso como simboloxía da esperanza, xa que está asociada á aparición dunha nube que rematou cun longo período de tres anos de seca que asolou Israel, tal e como conta a biblia na súa pasaxe 1 Reyes 18:41-45 cando relata como Elías profetizou a chuvia: “*41 Entón Elías dixo a Acab: sobe, come e bebe; porque unha chuvia grande se escoita. 42 Acab subiu a comer e a beber. E Elías subiu ao cumio do Carmelo e postrándose en terra, puxo o seu rostro entre os xeonllos. 43 E díxolle ao seu criado: sobe agora e mira cara o mar. E el subiu e mirou e dixo: non hai nada. E el voltou a decir: volta sete veces. 44 Á sétima vez dixo: eu vexo unha pequena nube como a palma da man dun home, que sobe do mar. E el dixo: vai e dille a Acab: prepara o teu carro e descende, para que a chuvia non te atalle. 45 E sucedeu, estando nesto, que os ceos escureceron con nubes e vento e houbo una gran chuvia. E subindo Acab, veu a Jezreel*”. O que aquí se conta é o inicio da relación que esta Virxe tería por sempre co mar e co monte Carmelo, apuntalada durante o século IX polo monxe beneditino francés Pascasio Radbertus, tras referirse á Virxe como a Stella



Inicio do simulacro de salvamento.



entre as ondas do mar, provocadas polas tormentas que, como pedras no camiño, se interpoñen na senda que os levará ata deus. Unha vez que temos situada á Virxe do Carme como protectora dos que teñen relación co mar, está ben coñecer que esta deidade fai referencia a Santa María do Monte Carmelo, unha cordilleira da que xa falamos e que está ubicada en Terra Santa, que é coñecida como os viñedos de deus se onde di a tradición que a Virxe fixo a súa aparición. No século XII foi fundada neste monte a Orde dos Carmelitas, quen es pallando a figura e veneración pola mesma ao resto das comunidades. Esta orde foi regrada en 1224 e 1245 polo relixioso inglés Simón Stock (1165-1265), a quen a propia Virxe lle deu o seu escapulario no ano 1245 cando se lle apareceu para atender as súas súplicas mediante as que lle pedía axuda para a orde. Inda que a data exacta deste feito non quedou moi clara ao longo da historia, deron en sinalar o 16 de xullo como o día desa entrega, na que a Virxe lle dixo “toma fillo querido este escapulario; será como a divisa da miña confraternidade e para ti e todos os carmelitas un signo especial de gracia; quen queira que morra portándoo non sufrirá o lume eterno. É a mostra da salvación, unha salvagarda en perigos, un compromiso de paz e de concordia”. Este escapulario podemos velo en moitos petos de ánimas, onde a Virxe o utiliza como cabo ao que poden amarrarse as ánimas no purgatorio para conseguir a salvación e fuxir das lapas. A crenza popular conta que tamén o utiliza para tirar dos corpos dos naufragos e salvalos dunha morte segura. Por iso chegou ata os nosos días unha celebración de gran compoñente emotivo que se leva a cabo preferentemente nas zonas costeiras, nas que adoita existir ademais entre as veciñanzas moitas mulleres que son bautizadas ou chamadas cos nomes de Carme, Carmela, Carmiña, Mucha ou María do Carme entre outros derivados, sempre en referencia e como xesto de encomendarse e agradecemento cara a súa Virxe salvadora. Unha delas é a pontevedresa de O Grove, onde tiven a oportunidade de formar parte da comitiva que realiza o ritual e deste modo recoller datos mediante unha observación participante moderada que permite facer unha boa valoración do que alí acontece. Todo comeza polo xeral ás seis da tarde cando dende a Capela de San Roque parte a multitudinaria procesión que baixa cara O Corgo, zona na que están o porto e a lonxa da vila. Unha vez alí é oficiada a Santa Misa na lembranza dos mariñeiros finados, ao remate da que se inicia a procesión marítima, que resulta ser sen dúbida unha das pasaxes máis emotivas

do día. A Virxe é transportada nun barco, no que van tamén os representantes da igrexa, das forzas da orde pública e as autoridades municipais, podendo considerarse o patrón do mesmo un verdadeiro privilexiado por ter a honra de que sexa a súa nave a que leve á patroa de todas e todos a bordo. A xente abandona o espazo habitado, ou o que é o mesmo, o mundo dos vivos, para adentrarse no mar, alí onde domina e se sinte a presenza das ánimas dos mortos que nesta xornada emerxen ante a chamada dos que, co seu forte sentimento de crenza e fe, os sinten preto. E coas mesmas forzas coas que Simón Stock chamou pola Virxe do Carme, chaman eles tamén polos seus seres queridos aos que un ano máis desexan ver e lembrar, para facerlles saber que nunca chegaron a irse de todo, feito que escenifican mediante a realización dunha ofrenda na que todos lanzan flores ás augas da ría cando chegan ao punto máis alonxado de terra, mentres unindo as súas voces cantan dende o corazón a letra da Salve Mariñeira, porque saben que a súa Stella Maris, esa que nunca lles falla, acudirá co seu escapulario para salvar as súas ánimas e as levará ante a presenza de deus, otorgándolles así unha eternidade ao seu carón. Dende aí, agardará a parroquia dos mortos polos que paseniño irán chegando para voltar a xuntarse de novo, desta volta xa para sempre. Así o sinten e así o verbalizan cando son consultados. A volta cara ó porto convértese nunha viaxe de confraternización entre os membros da comunidade; todos comen e beben nun xantar común, nun ritual de comensalidade que lembra aos que tradicionalmente se sucedían nas xornadas de enterros e despedidas. Os intres de emoción quedaron atrás e agora que as embarcacións viraron de novo cara a terra, todos voltan a realizar as normais accións dos vivos, sabedores seguramente de que os que atrás quedaron xa foron atendidos pola Virxe salvadora e que xa nada malo lles pode suceder. Polo tanto, é momento de celebralo e así o fan, compartindo conversa, ledicia e tamén dous elementos simbólicos, o pan e o viño, como se do mesmo corpo e sangue da consagración se tratara. Un compromiso de paz e de concordia. Eso foi o que a Virxe dixo que sería o escapulario cando o entregou, e iso mesmo é o que evidencian coas súas actitudes os que comparten esta volta cara ó fogar.

Unha vez que xa todos puxeron pé en terra, ten lugar o simulacro dun naufragio e o rescate ante a Virxe, cuxa imaxe baixan os confrades somerxendo parte dos seus corpos no mar. Os mariñeiros rescatados agradecen a intercesión da santa que, unha vez que ao toque da campá é



alzada de novo por riba dos ombreiros dos portadores, camiñan tras ela en procesión. Todo este ritual é seguido con máxima expectación pola xente congregada nos arredores, que acompañan ademais con vítores e aplausos, unha vez consumado o salvamento.



A Nosa Señora do Carme salva aos náufragos.

É un día de festa e todos van engalanados para a ocasión: os barcos recen baldeados e adornados con bandeiras, a veciñanza con roupa acorde aos días grandes e os confrades perfectamente uniformados con polo branco, pantalón negro e co escudo e a medalla da Virxe no peito, moi preto dos seus corazóns nos que ela ocupa un importante lugar. Ela navega no Stella Maris, en cuxo folio se pode ler VILL-4, pertencente xa que logo á Ría de Arousa, levando pendurada do casco pola parte de babor unha caixa na que os fieis poden ir metendo as súas ofrendas. Dende aí vai salvando aos mariñeiros entre os que podemos adiviñar a un mínimo de tres, que sacando as súas cabezas ou mans entre as ondas do mar, tentan chamar a súa atención para ser



A procesión dos náufragos

axudados. No brazo esquerdo leva esta Madonna ao seu fillo, pois como salvagarda de perigos que é, tamén debe coidar con celo a quen veu ao mundo para salvar ao resto dos seus iguais. Toda a vila celebra nestos días do ciclo de verán unhas festas nas que as orquestas, mercadiños e atraccións poñen o punto de cor, luz e son cos que amenizan as tertulias e verbenas. Todo para honrar, renderlle culto e renovar por un ano máis a protección da Nosa Señora do Carme, esa nai de todas e todos os que cada día teñen nas augas salgadas o seu xeito de facer vida. Basta con mirarlles aos ollos mentres ven pasar á Virxe en procesión, para comprender o que para todos e cada un son os verdadeiros significados das palabras devoción e agradecemento, porque as bágoas e as emocións non enganan.



Stella-Maris

“Salve del mar Estrella; Salve Madre sagrada; de Dios y siempre Virgen; puerta del cielo Santa”. Con estos catro versos iniciaba Lope de Vega a súa versión do himno dos oficios divinos Ave Maris Stella, os mesmos cos que a bo seguro se identifica toda a xente do mar do Grove.




Carlos Xabier Ares Pérez
